ARZOBISPADO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Plaza de la Inmaculada, 1
Teléf.: 981 572 300
Fax: 981 563 691
15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

O pasado mércores, 4 de novembro, o Diario Oficial de Galicia publicou o decreto 179/2020, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria.

No que afecta á vida pastoral da Diocese, hai que ter en conta o que di a disposición terceira, do dito decreto:

> *Terceiro. Limitacións á permanencia de persoas en lugares de culto*
>
> *1. Con efectos desde as 00.00 horas do 5 de novembro de 2020, na Comunidade Autónoma de Galicia a asistencia a lugares de culto non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade, debendo respectarse en todo caso o límite máximo de cincuenta persoas. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.*
>
> *Non se poderá utilizar o exterior dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto.*
>
> *2. Non obstante o anterior, con efectos desde as 00.00 horas do 7 de novembro de 2020, o* ***límite máximo de persoas asistentes previsto no número 1 será de vinte e cinco persoas****, nos concellos enumerados nos números 1 e 2 do punto primeiro deste decreto.*
>
> *3. As limitacións previstas nos números anteriores non poderán afectar en ningún caso o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.*

No día de onte, preguntouse á Presidencia da Xunta que aclarasen o punto número 1, sendo a súa resposta:

> *A la pregunta formulada por la Archidiócesis De Santiago de Compostela cabe informar lo siguiente:*
>
> *Según el Decreto 179/2020 publicado en el DOG de 4 de noviembre, los lugares de culto tienen un aforo máximo del 50% pero siempre con el límite máximo de 50 personas aunque del porcentaje anterior resultase una cifra superior.*
>
> *Por lo tanto, 50 personas de aforo es el límite máximo en cualquier lugar de culto.*

Os concellos aos que se refire o punto 2 desta terceira disposición, na nosa Diocese son:

b) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Pontevedra, Marín, Vilaboa, …, Ponte Caldelas, Barro, Cerdedo-Cotobade, Campo Lameiro e Poio.

c) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos da Coruña, Culleredo, Arteixo, Oleiros e Cambre.

d) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de ..., Ares, …, Fene e Mugardos.

f) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Oroso, O Pino, Teo, Trazo, Val do Dubra e Vedra.

g) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa e Cambados.

h) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de …., Silleda e A Estrada.

m) Do ámbito territorial do concello de Vimianzo.

ñ) Do ámbito territorial do concello de Cangas.

q) Do ámbito territorial do concello do Grove.

Esta medida estará en vigor ata as 15.00 h do 4 de decembro, agás que sexan modificadas polas autoridades sanitarias.

Rógase aos Sres. Curas Párrocos, Administradores Parroquiais e encargados da atención pastoral dos centros de culto, sigan esta disposición, coidando de respectar os límites máximos de aforo nos actos de culto:

- a metade da capacidade do templo, sen superar as 50 persoas, nos concellos sen limitacións específicas;

- 25 persoas nos concellos con limitacións específicas.

Se por esixencias pastorais de atención ao Pobo de Deus, houbese que celebrar unha misa máis do que permite o Código de Dereito Canónico (c. 905.2), é necesario comunicalo ao Arcebispado.

Coma dicían os Bispos da Provincia Eclesiástica de Santiago de Compostela, no pasado mes de marzo: *De acordo coa nosa fe, que nos convida a confiar sempre en Deus, exhortamos á oración a todo o Pobo de Deus, encomendando ao Señor e á Santísima Virxe María esta situación que atravesamos. Rogamos en particular que os presbíteros ofrezan a Santa Misa pola saúde do noso pobo, particularmente dos enfermos e do persoal sanitario; e que esta intención estea presente no rezo da Liturxia das Horas, e na oración das nosas comunidades de vida consagrada, particularmente contemplativas.*

En Santiago de Compostela, a 6 de novembro de 2020.

O Vicario xeral